



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES:

Aboal Somoza, Teresita
 Álvarez González, Lara
 Álvarez Moreira, José Angel
 Álvarez Rodríguez, Pablo
 Álvarez Rodríguez, Rosana
 Andrés Iglesias, Jesús
 Area Carracedo, Iván Carlos
 Arias Moreira, Xosé Carlos
 Arias Sánchez, Pedro
 Badaoui Fernández, Aida
 Barcia Rodríguez, Ignacio
 Basalo Dominguez, David
 Baz López, Jorge
 Beiro Rodríguez, Gabriel Rolando
 Bergantiños Cid, Gustavo
 Bergareche Gros, Almudena
 Bernal Gómez, Rosa
 Blanco Pesqueira, Antonia
 Bravo Bernárdez, Jorge
 Bringas López, Ana
 Bueno Alonso, Jorge Luis
 Cabeza Pereiro, M^a Del Carmen
 Canto Veiga, Héctor Daniel
 Carballo Dominguez, Jorge
 Caride Alvarez, Celso
 Cebro Rodriguez, Xoán Manuel
 Cid Fernández, M^a Magdalena
 Cid Rodriguez, Xúlio Alberte
 Costas Currás, José Daniel
 Cristóbal Ortega, M^a Julia
 De La Torre Fraga, Daniel
 De Lorenzo Rodriguez, Edita
 De Miguel Palacios, Carlos
 De Oca Cancela, Guillermo
 Dominguez Martin, Jorge
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fernández Fernández, Federico A
 Fernández Manin, Generosa
 Fernández Martinez, Paula
 Fernández Pulpeiro, Ana
 Gago Rodríguez, Alberto
 Gálvez Gálvez, Juan Francisco
 García Camba, Xavier
 García Estévez, José Manuel
 García Gil, Soledad
 García Mateo, Carmen
 García Puig, Pedro
 García Sánchez, Manuel
 García Soidán, José Luis
 García Soidán, María Del Pilar
 García Vázquez, José Manuel
 García Vázquez, Manuel
 Gil Villanueva, José M^a
 Godoy Malvar, Eduardo
 Gómez Rodríguez, Alma María
 Gómez Salgado, Iago
 González Cespón, José Luis
 González Crespán, M^a Araceli
 González Pillado, Esther
 González Piñeiro, Luis
 González Vázquez, Encarnación
 Graña Rodríguez, Ana María
 Hernández Sánchez, Jesús

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 17 de marzo de dous mil nove, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O martes, **día 17 de marzo de 2009**, ás 10:25 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2009.
2. Informe do reitor.
3. Informe do presidente do Tribunal de Garantías sobre o ano 2008.
4. Aprobación, se procede, do procedemento de aprobación da modificación dos Estatutos da Universidade de Vigo.
5. Comparecencia da xerente para informar e debater sobre a política de persoal levada a cabo neste ano de mandato.
6. Elección dos seguintes postos vacantes no Consello de Goberno:
Sector decanos/directores: 3.
7. Elección do seguinte posto vacante na Comisión electoral:
Sector estudantes: 1.
8. Elección dos seguintes postos vacantes na Comisión para a adaptación dos Estatutos da Universidade de Vigo á nova redacción da LOU:
Sector estudantes: 1.
9. Elección dos seguintes postos vacantes nas Comisións para a elaboración de regulamentos:
Comisión n^o.1: Regulamento de réxime económico e contratación. Regulamento de PAS.
Sector estudantes: 3.
Comisión n^o.3: Regulamento de profesorado.
Sector estudantes: 2.
Comisión n^o. 6: Regulamento de tribunal de garantías. Regulamento de réxime disciplinario.
Sector outro persoal docente e investigador: 1.
10. Rogos e preguntas.

Jato Rodríguez, María Victoria
 Lago Ferreiro, Alfonso
 Legido Soto, José Luis
 Lence Madarro, Fernando
 Liste Fernández, Araceli Mercedes
 Liz Marzán, Luis Manuel
 López Lorenzo, Diego
 López Vidal, María Del Pilar
 Lorenzo Merino, Fernando José
 Loureiro López, David
 Macías Cambra, Enrique Antonio
 Martín Lucas, Belén
 Martínez Piñeiro, Ana Belén
 Mascuñán Tolón, Patricia Silvia
 Membrela Iglesia, Pedro
 Míguez Tabarés, José Luis
 Mojón Ojea, Artemio
 Mollinedo Lois, Carlos
 Montero Muñoz, María
 Morán Martínez, M^a Paloma
 Navaza Dafonte, Francisco
 Núñez Riveiro, Myriam
 Pardo Froján, Juan Enrique
 Pastrana Castro, Lorenzo Miguel
 Pazó Martínez, M^a Consuelo
 Pena Uribe, Gloria M^a
 Pérez Fernández, Alba
 Pérez Iglesias, M^a Teresa
 Rama Martínez, M^a Esperanza
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rodeiro Iglesias, Javier
 Romo Pérez, M^a Carmen
 Sáez Cebrejo, José Luis
 Sánchez Bello, Patricio Alfredo
 Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
 Sieiro Vázquez, Carmen
 Sueiro Justel, Joaquín
 Teijeira Bautista, Marta
 Terán Moldes, M^a Del Carmen
 Tojo Suárez, M^a De La Concepción
 Tugores Martorell, Francisco
 Vallejo Pousada, Rafael
 Vaquero Díaz, M^a Beatriz
 Varela Martínez, Iago
 Vázquez Dorrió, José Benito
 Vázquez Vicente, Xosé Henrique
 Villar Suárez, Horacio Antonio

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Barreiro Blas, Antonio
 Carballo-Calero Ramos, M. Victoria
 Fandiño Alonso, Jaime Francisco
 Nombela Castaño, Miguel Ángel
 Pérez Cota, Manuel
 Prada Blanco, Albino
 Puga Alonso, Javier
 Riobó Fernández, Aida
 Tourón Estévez, Sonia
 Vera Isasa, María
 Yáñez López, José Carlos

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 26 de xaneiro de 2009.

Ao non ter sido presentadas obxeccións á acta no prazo establecido no Regulamento de réxime interno do Claustro Universitario, enténdese aprobada (art. 20).

Punto 2. Informe do reitor.

Procede o reitor á lectura dun acordo institucional da Mesa do Claustro de repulsa dos acontecementos producidos na sesión ordinaria de Claustro de 26 de febreiro de 2009, que consta no **anexo I**.

O Sr. Vilhar solicita o uso da palabra, en canto o art. 16 estipula o dereito de falar de todos os claustrais.

A secretaria xeral procede á lectura do art. 16.4 que limita o uso da palabra dos claustrais a “aquelas cuestións que encaixen cos contidos de calquera dos puntos da orde día”. Polo tanto, trátase de saber de que quere falar concretamente o Sr. Vilhar.

O Sr. Vilhar reitera o art. 16 e o seu dereito a falar.

A Mesa de Claustro delibera e decide que se quere pode falar sobre a declaración institucional

Intervén o Sr. Cebro, apoiando a declaración institucional e aclara que o día da celebración do anterior Claustro, so era o Sr. Vilhar o que provocou a suspensión do Claustro e o resto non eran PAS da Universidade, rexeita a actitude antidemocrática que supuxo un boicot da sesión de Claustro. O Sr. Cebro fai un chamamento ao Sr. Vilhar para que interveña no punto da orde do día correspondente, pero que deixe que a sesión se desenvolva axeitadamente. Desde os órganos de representación do PAS pide que cese nesa actitude, que deixa en moi mal lugar ao PAS da Universidade de Vigo.

Intervén o Sr. Vilhar e increpa ao reitor sobre a intervención do Sr. Cebro en canto falou sobre a sesión do Claustro anterior. Alega que non se inclúe un punto na orde do día sobre a declaración institucional da mesa, relativa aos acontecementos do Claustro, de xeito que entende que quen incumpre a orde do día é o reitor. Pide que se lle garanta o dereito a falar. Considera que o grave acontecemento do día anterior foi que non se lle permitiu falar.

Reitera a súa petición de falar no punto de informe do reitor. Sinala que persistirá na súa actitude ata que a mesa deixe falar á xente. Solicita que conste en acta a súa queixa de ter suspendido o Claustro sen facer referencia a ningún precepto do Regulamento de réxime interno.

O reitor reitera que calquera pode falar e que calquera cousa que se diga consta na acta. Lle reitera ao Sr. Vilhar que se quere falar no Claustro sobre política de persoal ou sobre EEES, é posible facelo sempre que se axuste ao que establece o Regulamento. Non se lle impedirá intervir a ninguén. Recorda que quen debe ordenar o debate e dar a palabra é a Mesa do Claustro. Considera que a actuación do Sr. Vilhar non é axeitada e recorda o que xa dixó en relación á necesidade de axustarse as normas contidas no Regulamento.

Pide a palabra o Sr. Vilhar e a Mesa concédelle un tempo de tres minutos. Sinala que quen suspendeu o Claustro foi o reitor, ante a falta de argumentos e cando estaba no uso da palabra. Reitera o dereito de intervir en calquera punto da orde do día.

Punto 3. Informe do presidente do Tribunal de Garantías sobre o ano 2008.

Cédese a palabra ao Presidente do Tribunal de Garantías quen fai a exposición que se recolle no **anexo II**.

Punto 4. Aprobación, se procede, do procedemento de aprobación da modificación dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Intervén a secretaria xeral quen expón que a disposición adicional oitava da Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica de Universidades 6/2001, de 21 de decembro, establece que as Universidades adaptarán os seus estatutos conforme ao disposto nesta Lei nun prazo máximo de tres anos.

De acordo con ese mandato, na sesión do Claustro de 12 de febreiro de 2006 creouse a Comisión encargada da adaptación dos Estatutos á LOU, e no Claustro de 14 de febreiro de 2007 foron elixidos os seus membros.

Una vez constituída a Comisión e iniciadas xa as actuacións para a elaboración dun documento de traballo, faise necesario establecer un procedemento de aprobación da modificación dos Estatutos da Universidade.

Neste sentido, a Mesa do Claustro na súa sesión de 19 de febreiro acordou por unanimidade elevar ao Claustro a proposta de normativa de modificación e aprobación dos Estatutos que consta na documentación.

O procedemento é o seguinte:

A Comisión de adaptación dos Estatutos presentará ante o Presidente da Mesa do Claustro o anteproxecto do texto.

Este anteproxecto remitirase a todos os claustrais en formato electrónico na forma habitual de remisión de documentación (correo electrónico e se colgará no espazo privado de Claustro na web) e abrirase un prazo dun mes para a presentación de emendas.

As emendas deben estar avaladas pola sinatura e DNI de polo menos 10 claustrais e poderán consistir na inclusión, modificación ou supresión de texto, ademais deben ir acompañadas da argumentación en que se fundamenten.

As emendas remitiranse ao Presidente da Mesa do Claustro en formato electrónico antes das 14 horas do día en que remate o prazo.

A Comisión debaterá as emendas presentadas e, no seu caso, as someterá a votación. A emenda entenderase aprobada se obtén o voto da maioría dos membros da Comisión. En caso contrario, entenderase rexeitada pero obterá o dereito de ser defendida no Pleno do Claustro se consegue o apoio favorable dunha cuarta parte dos membros da Comisión presentes na sesión.

Elaborado o anteproxecto pola Comisión, convocarase a todos os membros do Claustro para o seu debate e aprobación, se procede.

A aprobación polo Claustro da modificación dos Estatutos requirirá, en primeira votación, o voto favorable da maioría absoluta do Claustro, en segunda votación é suficiente co voto dos dous terzos dos claustrais presentes sempre que o número sexa igual ou superior á metade dos membros do Claustro.

As modificacións aprobadas serán elevadas á entidade correspondente da Comunidade Autónoma para a súa aprobación e, se é o caso, a publicación no DOG.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Cebro para expoñer que, como xa manifestou na Comisión de Estatutos, a mesma está traballando sen que este procedemento puidera ser aprobado debido ao problema da suspensión da sesión anterior do Claustro. Nese sentido, solicita que, si se presentaron emendas na Comisión que son rexeitadas pero obteñen o respaldo dunha cuarta parte da Comisión, poidan ser defendidas no Claustro.

A secretaria xeral contesta que o mandato que o Claustro fai á Comisión é que se prepare un anteproxecto de Estatutos como documento completo e acabado, pero tamén se falou na mesma Comisión da busca dunha fórmula para reflectir no texto aquelas emendas que teñan o apoio dunha cuarta parte dos membros da comisión.

O Sr. Vilhar solicita a retirada deste punto por tres motivos: primeiro, porque hai unha gran falta de sensibilidade fronte ás minorías en canto se require o apoio de 10 claustrais para a presentación dunha emenda; segundo, a imposibilidade de transaccionar as emendas debido aos trámites na Comisión e, por último, que no punto seguinte da orde do día elíxense os representantes de alumnos na Comisión de adaptación de Estatutos aos que se lles vai dar un documento xa feito.

A secretaria xeral rexeita as argumentación do Sr. Vilhar sinalando que precisamente a esixencia de só 10 claustrais para a presentación de emendas é unha mostra clara do respecto ás

minorías, ademais, recorda que as posibilidades de transaccionar emendas están claras tendo en contra que o órgano que ten que debater e aprobar os Estatutos é o Claustro e, por último, recorda tamén que os membros da Comisión de adaptación de Estatutos á LOU foron elixidos en febreiro de 2007 e os representantes de alumnos se renovaron en maio do 2008 e neste momento hai unha vacante.

Procédese á votación da retirada do punto:

- Votos a favor da retirada: 1.
- Votos en contra: 64.
- Abstencións: 0.

Procédese seguidamente á votación da normativa que consta no **anexo III**:

- Votos a favor: 65.
- Votos en contra: 0.
- Abstencións: 7.

Apróbase por maioría.

Punto 5. Comparecencia da xerente para informar e debater sobre a política de persoal levada a cabo neste ano de mandato.

Teñen solicitada intervención os Srs. Torreiro Varela e Zapiraín Fernández.

Cédese a palabra á xerente da Universidade que fai unha presentación sobre a política de persoal levada a cabo neste ano de mandato que se recolle no **anexo IV**.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Sr. Fernández Fernández sinala que non están contentos en canto consideran que foron moitas as reunións e non todas chegaron a acordo e moitas foron longas e con demoras. Moitas delas foron como consecuencia do art. 35 do Convenio colectivo pero que foron moitas e non se chegou a nada positivo, pois van desencadear que se acuda ao AGA, Isto non é bo porque os problemas da casa teñen que resolverse dentro. Acudir a fora significa que isto non funciona. En canto aos concursos de traslados é algo que aparece nos seu Convenio colectivo. Considera que a calidade non só e ofrecer cursos de formación, porque cousa distinta son as xornadas formativas que se desenvolven en horario laboral. O máis axeitado é que se desenvolva a formación en horario laboral, que toda o cadro de persoal poda asistir a estes cursos ben planificados, para o 100% do persoal e que isto repercuta no bo funcionamento da Universidade e na mellora dos traballadores. Considera que a xerente debería crer máis no Convenio colectivo. Considera que non é un bo ano. Sinala que sempre están dispostos a traballar, a reunirse e a falar.

O Sr. Macías se centra no futuro e pregunta sobre o calendario previsto para a desconcentración e descentralización. Interésase tamén sobre a Escola de Estudos Empresariais e quere saber as consecuencias para o persoal funcionario e laboral que está na mesma. Tamén en

relación ao galego, fai referencia ás faltas ortográficas plasmadas na presentación feita pola xerente ante o Claustro e solicita que se traten de evitar.

A Sra. Ana Martínez fai unha reflexión sobre a ausencia da Biblioteca na presentación da xerente e en xeral cando se fala de docencia e investigación. Considera que a Biblioteca é un servizo básico para docencia e investigación e máis cando se fala de Espazo Europeo de Educación Superior. Necesitan que non se lles limite cando falan de petición de persoal e cando se fala dun cambio de modelo de biblioteca. Recorda que no campus de Vigo se eliminou o persoal axudante de bibliotecas e as bibliotecas de centro quedaron como salas de lectura e os alumnos e investigadores son derivados á biblioteca central. Solicita que se estude volver a un sistema de Biblioteca semicentralizado, cun papel claro das Bibliotecas dos centros.

O Sr. Basalo sinala que cando se solicitou este punto había malestar porque os canles de comunicación non funcionaban axeitadamente. O procedemento que existe é para pedir achegas pero non se escoitan as queixas, como por exemplo, no tema da formación pola tarde, sen respectar a conciliación.

O Sr. Vilhar expón que a xerente fala do mesmo que xa falou fai un ano, por exemplo, do Plan operativo de xestión. Entende que a xerente leva un ano e considera que nada ten cambiado para mellor, se segue con 30% de eventualidade, por exemplo. Recorda que pertence a un sindicato e que non se lle citou nunca a ningunha reunión, porque entende que como non se presenta ás eleccións non ten dereitos. Solicita que se finalice xa coas sancións e a falta de competencia.

O Sr. Cebro comeza a súa intervención referíndose ao Sr. Vilhar, alegando que como presidente da Xunta de PAS pide desculpas polas actitudes dun PAS que non se corresponde ca maioría absoluta do persoal. Tamén pide desculpas por non denunciar todos eses anos esas actitudes e eses insultos por parte do Sr. Vilhar.

En relación ao punto, el mesmo foi quen pediu as sinaturas. Agora necesítase un debate de cara a onde imos coa xestión da Universidade, onde existen novos retos do EEES e da calidade e servizo á sociedade. Considera que a xerente falou de temas de gran relevancia na xestión para que o PDI poida dedicarse á docencia e investigación. Tamén é esencial o futuro da biblioteca. Polo tanto, se vai centrar no futuro e nas negociacións. Alega que coa xerencia tiveron diferenzas pero que foron capaces de chegar a acordos, polo tanto esperan que ese camiño comezado por esta xerente se poida continuar. A organización que se presenta é a longo prazo: 8 anos e pide que se poida seguir avanzando así. Alega que o outro día non se lles permitiu falar e non foi o reitor. Presentaron unha proposta de funcionarización, hai un Plan operativo de xestión e pide que se siga por ese camiño.

O Sr. Torreiro membro do Comité de Empresa de Pontevedra fai a intervención que se recolle no **anexo V**.

O Sr. Zapirain Fernández agradece que se lle deixe participar no Claustro e fai a intervención que se recolle no **anexo VI**.

O Sr. Vilhar quere contestar por alusións e sinala que o punto da orde do día era sobre a comparecencia da xerente e non sobre a súa persoa. Entende que o reitor limita o uso da palabra de uns e non de outros.

A xerente entende que este debate sobre materia de persoal é unha boa oportunidade para todos para expoñer distintas posicións. Sinala que se levará ante o órgano competente o Plan de sistemas como instrumento de traballo esencial. En relación ao Plan de formación, considera que respecta os horarios e a conciliación pero debe terse en conta que en ocasións é necesario adaptarse aos condicionamentos técnicos e por ese motivo os horarios son pola tarde. Pero hai unha aposta clara pola formación. Entende que ter un plan de formación é un enorme avance. Sinala tamén que dentro do Plan operativo se vai desenvolver un Plan de calidade que levará á mellora dos procesos, protocolos, circuitos, etc. Engade que tamén se vai proceder a unha remodelación da xestión da investigación. En canto á biblioteca, a considera un servizo esencial da Universidade e como tal se está traballando con el. Hai un documento que recolle os novos retos tendo en conta o EEES e os cambios tecnolóxicos e despois se procederá, se é necesario, a remodelación da RPT. Afirmar que efectivamente, se leva moito tempo negociando os flocos do convenio, e que o art. 35 ten provocado moitas reunións, e se finalmente se ten que acudir a un intermediario así se fará respectando en todo caso as regras de xogo. Por último, manifesta a súa disposición a seguir traballando para tentar resolver os distintos problemas presentados pero considera que non é o momento de entrar nas cuestións suscitadas polos distintos intervinentes nesta sesión.

A Sra. Ana Martínez sinala que efectivamente se presentou una proposta por xerencia con aumento de 5 persoas para o campus de Vigo. Pero o motivo polo que fala neste tema aquí é porque se quere deixar patente que queren un cambio no modelo de biblioteca para retomar un modelo semicentralizado, e por iso pide que se estude e que se teña en conta a opinión dos directores e decanos.

O Sr. Macías intervén novamente para alegar que non tivo resposta ao tema da desconcentración nin a que vai ocorrer co persoal da Escola de Estudos Empresariais de Torrecedeira.

O Sr. Vilhar quere deixar constancia de que na última sesión de Consello de Goberno fixo unha intervención para que se retiraran os puntos da orde do día relativos a dous acordos sobre o PAS *“Aprobación, se procede, do Acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo”* e *“Aprobación, se procede, do Acordo sobre criterios de incorporación e cesamento do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo derivados dos procesos de provisión e selección”*, e non houbo sensibilidade para permitir que os traballadores podan ser escoitados sobre os seus asuntos.

A xerente pide desculpas por non ter contestado a todo e referíndose á desconcentración alega que se fixeron avances para os servizos susceptibles de descentralizarse. Respecto ao persoal da Escola de Empresariais, sinala que seguirá a traballar como ata agora en canto non hai previstos cambios. Por último, sobre o modelo de biblioteca, se estudará cal é o máis axeitado para dar o mellor servizo.

Punto 6. Elección dos seguintes postos vacantes no Consello de Goberno: Sector decanos/directores: 3.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se teñen presentado cinco candidatos para tres prazas vacantes o que fai necesario facer votación.

Os candidatos presentados son:

Alonso Bacigalupe, Luís.
Arias Sánchez, Pedro.
Barreiro Alonso, Enrique.
Candelas Colodrón, Manuel Ángel.
López Díaz, María.

Nesta elección votan todos os claustrais de todos os sectores e só pode votarse a dous candidatos.

Para facilitar a votación haberá tres urnas: dúas para a votación do PDI repartido por orden alfabético: da A á H e da I á Z.

A terceira urna será para os estudantes e os representantes do persoal de administración e servizos.

Ábrese un prazo de 15 minutos para proceder á votación.

Feito o recuento o resultado é o seguinte:

- Votos emitidos: 57.
- Votos en branco: 2.

O reparto de votos é o seguinte:

Alonso Bacigalupe, Luis: 11
Arias Sánchez, Pedro: 40
Barreiro Alonso, Enrique: 6
Candelas Colodrón, Manuel Ángel: 4
López Díaz, María: 33

Os novos membros de Consello de Goberno son:

Alonso Bacigalupe, Luís
Arias Sánchez, Pedro
López Díaz, María

Punto 7. Elección do seguinte posto vacante na Comisión electoral: Sector estudantes: 1.

A secretaria xeral sinala que non hai candidatos presentados.

Punto 8. Elección dos seguintes postos vacantes na Comisión para a adaptación dos Estatutos da Universidade de Vigo á nova redacción da LOU: Sector estudantes: 1.

A secretaria xeral sinala que só hai un candidato presentado para unha praza vacante. O novo membro desta comisión é D. Manuel García Vázquez.

Punto 9. Elección dos seguintes postos vacantes nas Comisións para a elaboración de regulamentos:

Comisión nº.1: Regulamento de réxime económico e contratación. Regulamento de PAS.

Sector estudantes: 3.

Comisión nº.3: Regulamento de profesorado.

Sector estudantes: 2.

Comisión nº 6: Regulamento de tribunal de garantías. Regulamento de réxime disciplinario.

Sector outro persoal docente e investigador: 1.

A secretaria xeral sinala que non hai candidatos presentados.

Punto 10: Rogos e preguntas.

O Sr. Jorge Carballo da delegación de alumnos da E.T.S. de Enxeñeiros Industriais, pregunta por qué non se deixou celebrar o patrón do centro, o que supón un agravio comparativo con outros centros. Alega, a maiores, que se lles contestou tarde e mal.

O reitor sinala que non está a vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes, pero coa información que el ten, se trata dun problema serio, en canto non é o mesmo falar con representantes de estudantes que cos que organizan o paso de ecuador. No caso da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación, houbo acordo cos representantes de devolver ao centro o acto e que non fose masivo.

O alumno replica ao reitor sobre as conversas coa vicerreitora e débatese sobre o tema. O reitor conclúe que se trata de chegar a un acordo de facer un acto mais lúdico e festivo e non botellón, iso foi o acordo en relación con San Teleco. Pregunta o alumno por que Universitas e Reca teñen unha festa mañá e o reitor resposta que a seguridade do campus ten instrución de impedir que se coloquen carpas nin música na praza, pero iso non ten nada que ver coa festa no centro comercial.

A Sra. Martínez pregunta sobre o convenio firmado coa Xunta e o Concello sobre a Galescola, en concreto, o estado en que se encontra a execución do convenio.

O reitor o resposta que o edificio está programado na estrada que sube ao colexio Os Saucos, e o proxecto está preparado, non se sabe cando pode ser concursado porque iso depende do Consorcio e do novo goberno, en canto a Universidade entrega o proxecto da obra e o concurso o fai o Consorcio.

A Sra. Martínez solicita que o equipo de goberno faga un seguimento do tema para que non se vexa afectado polo cambio político.

O Sr. Varela sinala que no último Consello de Goberno preguntou se era posible que a matrícula poda pagarse en catro prazos, e pregunta se se fixeron as actuacións pertinentes para permitir esa posibilidade.

O reitor resposta que se está estudando esa posibilidade.

A Sra. González Crespán, en relación ao título en empresariais e tendo en conta as actuacións da Universidade da Coruña e a decisión da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de remitir o título da mesma á ANECA, pregunta cando pensa o reitor cumprir o seu compromiso de iniciar os trámites de transformación do actual título na Universidade de Vigo, tendo en conta que todos os grupos políticos apoian esa transformación.

O reitor reitera a súa manifestación feita sobre o tema, en canto é o Consello Galego de Universidades o que ten que decidir sobre o tema e antes de tomar a decisión de se é posible esa petición da Universidade da Coruña pediu tres informes externos de expertos. Estes informes non foron aínda entregados no Consello. O que queda por facer é esperar a que se reúna o Consello Galego de Universidades que adoptará a decisión.

En canto a que os representantes dos grupos políticos se manifestaron sobre a transformación nunha sesión na E.U. de Estudos Empresariais na campaña electoral, recorda o reitor que o Consello Galego de Universidades, onde están todos os grupos parlamentarios representados no Parlamento, votaron por unanimidade as normas básicas que impiden dous títulos iguais no mesmo campus. Recorda tamén que esta norma estivo a exposición pública a todos os membros da comunidade universitaria, incluída a E.U. de Estudos Empresarias que tampouco fixo unha emenda no sentido que permite a duplicidade.

O Prof. Sáez Ocejo roga que se informe ao Claustro sobre a polémica xurdida sobre o tema da transformación do título impartido na Escola de Estudos Empresariais.

O reitor non ten inconveniente en informar.

Prof. Legido roga que se informe sobre o tema da execución da sentenza de CUSA.

O reitor informará deste tema unha vez que se aprobe polo Consello Social.

O Prof. Legido retira o rogo.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:55 horas do día 17 de marzo de 2009, da que eu como secretaria xeral dou fe co V• e pr. do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther M^a González Pillado